

A propiedade do vento galego

ROSA M^a REGUEIRO FERREIRA
Ames (A Coruña): Laivento. 2011
[220 páxinas]

Recibido: 11 de abril de 2012
Aceptado: 31 de xullo de 2012

Nos últimos anos, o desenvolvemento da enerxía eólica foi vertixinoso debido ao fomento realizado en distintos países, en especial da Unión Europea, nun panorama de maior uso das enerxías renovables. Neste contexto, o libro *A propiedade do vento galego*, da profesora Rosa M^a Regueiro Ferreira, aparece nun momento clave para comprender a evolución do sector eólico galego.

A publicación, ao longo dos nove capítulos que a integran (ademais dun último apartado que recolle a bibliografía consultada), posibilita, en primeiro lugar, comprender o desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia en comparación con outros países produtores do mundo. Seguidamente, proporciona información detallada sobre as diferentes etapas de evolución do sector en función da normativa en vigor. Por último, describe o actual atlas empresarial eólico galego.

O primeiro capítulo correspóndese coa introdución e o último cunha ampla serie de anexos que ofrecen un detallado compendio de datos referidos aos diferentes concursos eólicos que tiveron lugar en Galicia desde o ano 1995.

Para a autora resulta imprescindible partir das consideracións metodolóxicas, que forman o capítulo segundo, en tanto que presentan a problemática da valoración dos recursos naturais e do seu goce por parte da cidadanía desde a tripla perspectiva da economía institucionalista, da bioeconomía e da economía da enerxía.

No terceiro capítulo analízanse e contrástanse as políticas de fomento da enerxía eólica nos principais países produtores do mundo (China, Alemaña, Estados Unidos e España), en países pioneiros (Dinamarca, Reino Unido, Francia e Holanda) e en áreas potencialmente significativas (Xapón, Lituania e América Latina), tanto en enerxía eólica terrestre como en enerxía eólica *offshore*. Cérrese este capítulo realizando unha comparativa entre os diferentes países estudados coa finalidade de destacar os elementos clave do desenvolvemento eólico de cada un deles.

O capítulo cuarto centra o estudo na caracterización do marco normativo desenvolvido en Galicia desde o ano 1995 ata a actualidade, analizando as diferentes etapas en función da normativa en vigor e determinando a potencia eólica instalada en cada unha desas etapas.

Seguidamente, analiza polo miúdo o concurso eólico do Goberno bipartito da Xunta de Galicia, dedicándolle o capítulo quinto a esta finalidade, así como o primeiro concurso eólico do actual Goberno, e definindo as principais fortalezas e debilidades de cada un, que se recollen no sexto capítulo.

Ademais, presenta a titularidade da potencia eólica instalada en Galicia, chegando a configurar o actual atlas empresarial eólico de Galicia no que, segundo a autora, a participación de empresas de capital estranxeiro é notablemente significativa e superior á de empresas de capital maioritariamente galego, tal e como se pode comprobar no capítulo sétimo. Complementábase este apartado coa elaboración minuciosa de gráficas descritivas das empresas enerxéticas matrices, filiais e empresas relacionadas que participan no sector eólico galego.

Finalmente, a autora recolle as principais conclusións da investigación no capítulo oitavo. Nel expón dun modo sintético os aspectos máis destacados de cada unha das temáticas tratadas nos capítulos anteriores.

En definitiva, este traballo, debido ao rigor científico co que foi elaborado, á facilidade para a súa lectura e á coherente exposición dos contidos, constitúe unha referencia de consulta obrigada para os estudosos do sector enerxético en Galicia.

MARÍA PILAR FREIRE ESPARÍS
Universidade de Santiago de Compostela